



- Segundo o **medio**: Impreso ou electrónico.
- Segundo o **entorno**: De autor ou baseado en mensaxes.
- Segundo o **formato**: Textos continuos, discontinuos, mixtos ou múltiples.
- Segundo o **tipo** de texto: Descripción, narración, exposición, argumentación, instrucción e transacción.

Como moi atinadamente recolle o Informe PISA 2009, "a lectura precisa de material para que o lector lea". É obvio que existen moitas clases diferentes de textos ou esquemas aos que se adapta o discurso, pero non resulta doado dar cun único xeito idóneo para clasificalos. Estas superestruturas (Van Dijk) ou tipos de texto (Bronckart) funcionan para os lectores como esquemas de interpretación nos que esperan que se cumpran as súas expectativas sobre o que debe conter un texto determinado. De feito, a lectura é precisamente iso: un proceso continuado de elaboración de expectativas e predicións que se van verificando. Así, resúltanos estraño se non se cumpren as nosas expectativas sobre o que debe conter, por exemplo, unha narración.

O importante, en definitiva, é que saibamos recoñecer esas estruturas porque ofrecen pistas e indicadores fundamentais que serven para anticipar a información e facilitar a súa interpretación.

O marco teórico de PISA 2009 presenta unha clasificación exhaustiva en función do soporte, tipo e formato dos textos:

1.- Medio

a) **Impreso:** Normalmente en papel (follas, folletos, revistas e libros). É dicir, trátase dun texto fixo con límites definidos.

b) **Electrónico:** Refírese á visualización dun texto a través dunha pantalla de cristal líquido (LCD), plasma, transistor de película fina (TFT) ou calquera outro dispositivo electrónico. Pero fundamentalmente fai alusión ao hipertexto, é dicir a un texto que conta con ferramentas e características de navegación que implican unha lectura non secuencial. Estes textos son, a diferenza dos impresos, dinámicos e con límites pouco claros.

2.- Entorno: Esta clasificación afecta aos textos en soporte electrónico, establecendo neles dúas clases en función da capacidade do lector para influír no contido do sitio.

a) No entorno de autor o lector non pode modificar o contido. Acode a estes entornos principalmente para obter información (páxinas de inicio, sitios que publicitan eventos ou produtos, sitios de información gubernamental, sitios educativos con información para os alumnos, sitios de noticias e catálogos de bibliotecas on-line).

b) No entorno baseado en mensaxe o lector é convidado a participar modificando o contido. Emprega estes sitios non só para buscar información, senón como medio de comunicación (correo electrónico, blogs, salas de chat, foros e formularios on-line).

3.- Formato de texto

a) **Textos continuos:** Son os que están formados por oracións que se organizan en parágrafos. A separación dos mesmos e o seu sangrado inicial serve de **axuda gráfica** aos lectores para recoñecer a estrutura do texto. O formato ofrece tamén diversas pistas para localizar a información, como o uso de negriñas, cursivas ou distintos tamaños de letras e tipos de fonte. O recoñecemento e interpretación destas pistas é unha microhabilidade importante para levar a cabo unha lectura eficaz.

Os marcadores textuais e mais os conectores achegan a información lingüística necesaria para que o lector organice as partes do texto e as relacións que se establecen entre elas (*en primeiro lugar, en segundo lugar, por último... por outra banda, así pois, non obstante...*).

Os textos continuos electrónicos adoitan ser máis breves que os que usan o medio impreso por mor das limitacións inherentes ao tamaño da pantalla e tamén a causa de que requiren unha lectura pouco sistemática, de xeito que os textos longos resultan pouco atractivos cando se leva a cabo este tipo de lectura.

b) Textos discontinuos: Tamén chamados documentos. Requiren un enfoque diferente de lectura. Inclúense aquí as listas, táboas, gráficos, diagramas, anuncios, horarios, catálogos, índices ou formularios, tanto impresos como electrónicos.

c) Textos mixtos: Están formados por un conxunto de elementos en formato tanto continuo como discontinuo. Os seus compoñentes están interrelacionados, son coherentes e están ben cohesionados.

Os textos mixtos en soporte impreso son habituais en revistas, obras de consulta e informes. En soporte electrónico atopámoslos nas páxinas web de autor que mesturan listas, parágrafos e/ou gráficos, nos formularios on-line, nas mensaxes de correo electrónico ou nos foros.

d) Textos múltiples: Son aqueles xerados de forma independente e que teñen sentido por separado, pero que se reúnen para unha finalidade concreta. Poden ter un único formato (continuo ou discontinuo) ou poden incluír textos de ambos os dous formatos. Un exemplo deste tipo de textos é o hipertexto.

4.- Tipo de texto: Neste apartado PISA segue a clasificación de Werlich de 1976.

a) Descrición: Céntrase nos feitos ou obxectos no espazo. Responde á pregunta QUÉ. As descrições de carácter técnico empregan moitas veces textos discontinuos (diagramas, ilustracións). Inclúense nesta categoría, por exemplo, os folletos de viaxes, catálogos, mapas, horarios...

b) Narración: Refírese aos feitos ou obxectos no tempo. Responde ás preguntas CÁNDIDO, EN QUÉ ORDE e/ou POR QUÉ. Son exemplos de narración tanto unha historia (dende un punto de vista subxectivo) como un informe (punto de vista obxectivo), unha reportaxe, unha obra de teatro, unha tira comica...

Os textos narrativos en soporte electrónico son moitas veces non verbais, sendo substituídos por animacións e películas.

c) Exposición: A análise ou síntese de ideas ou conceptos. Responde á pregunta **CÓMO**. Abrangue dende os ensaios ata as definicións, as explicacións, os recursos ou as actas. Tamén forman parte desta categoría os diagramas, as pirámides de poboación, os mapas conceptuais ou as entradas da wikipedia.

d) Argumentación: Expón as ideas e manifestacións do emisor. Responde á pregunta **POR QUÉ**. Inclúe tanto os textos persuasivos como os de opinión: un comentario, unha argumentación científica, unha carta ao director, un anuncio publicitario, os comentarios nun foro, unha crítica dun libro ou dunha película.

e) Instrución: Céntrase no comportamento futuro do emisor ou do receptor. Fixa indicacións sobre o que se debe facer para levar a cabo unha tarefa: son textos instrutivos as normas, regulamentos, leis, receitas, tutoriais para o manexo de determinadas ferramentas dixitais...

f) Transacción: Este tipo de texto non se inclúe na clasificación de Werlich (1976). Son textos de carácter persoal encamiñados a acadar un obxectivo concreto explicitado no texto: organizar unha reunión, confirmar un compromiso social ou pedir que se faga algo. Antes da era dixital, este tipo de texto era común en moitas cartas e chamadas de teléfono. Hoxe as mensaxes de texto e de correo electrónico, os blogs ou as redes sociais converten os textos transaccionais nunha clase de lectura de gran relevancia.

Como xa comentamos ao comezo deste bloque moitas veces resulta complicado delimitar a que tipoloxía determinada pertence un texto, dado que os máis deles mesturan características de varios tipos (nunha novela, por exemplo, podemos atopar narración + descrición), sobre todo os textos electrónicos, onde non é infrecuente que aparezan palabras, imaxes, animacións, vídeos e arquivos de audio. Pero, á marxe desta dificultade, é interesante que os alumnos e alumnas se afagan a recoñecer e traballar con distintos tipos de texto. Isto vailles permitir esperar uns contidos e non outros e actualizar determinadas estratexias que redundarán nunha lectura máis eficaz e nunha mellor comprensión do que len.

Para acadar este obxectivo son moi axeitadas as actividades centradas en promover a observación e clasificación de textos canto máis variados mellor. Se queremos analizar as características dos mesmos teremos que fixarnos fundamentalmente en cal é a función da linguaxe que predomina neles. Así, cando os nosos alumnos sexan quen de recoñecer que o texto que teñen diante se pode clasificar dentro dun determinado tipo, resultaralles moito máis doado deducir unha certa organización dos contidos e tamén unha certa intencionalidade por parte do emisor que xa os predispón a comprender mellor o texto.

Unha batería de textos como a que propoñemos deseguido pode ser unha boa maneira de levar a cabo a análise e clasificación dos mesmos.

Preme no enlace de abaixo para acceder ao glogster e vai picando enriba de cada imaxe para poder entrar nos textos.

<http://valledoreu.edu.glogster.com/glog-8056-2849/>



Propoñémosche como **actividade voluntaria** que identifiques a que tipoloxía ou tipoloxías textuais pertencen cada un dos textos que aparecen no glogster que acabas de ver. Podes escribir os resultados da túa clasificación nun documento de texto que despois nos enviarás.